

**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓNS:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:[www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Cales son secuencialmente, as cinco regras para realizar traballos en instalacións eléctricas?**

- A) Protexer e sinalizar a zona de traballo. Poñer a terra e en cortocircuíto. Previr calquera realimentación. Desconectar. Verificar que non hai tensión.
- B) Protexer e sinalizar a zona de traballo. Desconectar. Poñer a terra e en cortocircuíto. Previr calquera realimentación. Verificar que non hai tensión.
- C) Verificar que non hai tensión. Desconectar. Poñer a terra e en cortocircuíto. Previr calquera realimentación. Protexer e sinalizar a zona de traballo.
- D) Desconectar. Previr calquera realimentación. Verificar que non hai tensión. Poñer a terra e en cortocircuíto. Protexer e sinalizar a zona de traballo.

**2. Quen ostenta a iniciativa para o establecemento dos medios de coordinación entre as empresas concorrentes?**

- A) Calquera das empresas concorrentes por acordo coas demais.
- B) O empresario titular do centro de traballo que ocupe traballadores no mesmo ou, na súa falta, o empresario principal.
- C) O órgano colexiado constituído polos delegados de prevención de todas as empresas concorrentes.
- D) A iniciativa corresponde exclusivamente ao empresario principal, previa consulta ao Comité de Seguridade e Saúde.

**3. Se un inspector de traballo constata un incumprimento empresarial da normativa de prevención de riscos laborais, pode paralizar a actividade da empresa?**

- A) Non. Debe requirir en todo caso o cumprimento da normativa vulnerada e soamente sancionar no caso de que a empresa non adopte as medidas obxecto de requirimento no prazo concedido para iso.
- B) Soamente se o incumprimento xera un risco moi grave para a saúde dos traballadores.
- C) Nestes casos non procede nin requirimento nin paralización, senón que hai que estender directamente un acta de infracción.
- D) A paralización de actividades soamente poderá acordarse nos casos en que o incumprimento constatado determine a existencia dun risco grave e inminente.

**4. De acordo cos "requisitos de utilización" dos sinais en forma de panel do Anexo III do Real Decreto 485/1997 do 14 de abril sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo. Indique a afirmación correcta:**

- A) Os sinais instalaranse en idéntica altura e posición.
- B) O lugar de emprazamento do sinal deberá estar ben iluminado, ser accesible e facilmente visible
- C) A fin de aumentar a eficacia da sinalización, concentraranse próximas entre si, todos os sinais necesarios.
- D) Os sinais poderán permanecer como advertencia, a pesar de que non exista a situación de risco que os xustificaba.

5. Nun equipo de traballo, os fallos na alimentación de enerxía e os fallos en calquera dos elementos integrantes das partes do sistema de mando que realizan funcións de seguridade, poden dar lugar a sucesos perigosos tales como:

- A) Unha posta en marcha intempestiva.
- B) A anulación dun dispositivo de protección.
- C) A imposibilidade de parar un equipo, a caída ou proxección de elementos.
- D) Todas as respostas son correctas.

6. Segundo o disposto no artigo 156.1 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social enténdese por accidente de traballo:

- A) Toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou a consecuencia do traballo que execute por conta allea.
- B) Todo dano físico ou psíquico que o traballador sufra no desempeño do traballo que execute por conta allea.
- C) Toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou a consecuencia do traballo que execute por conta propia ou allea.
- D) Todo dano físico ou psíquico que o traballador sufra con ocasión ou a consecuencia do traballo que execute por conta propia ou allea.

7. O Método OCRA utilízase para a avaliación de:

- A) Tarefas asociadas a posturas forzadas de costas e tronco.
- B) Tarefas repetitivas realizadas polas extremidades superiores.
- C) Tarefas con risco de trastornos da extremidade superior distal (cóbado, antebrazo, boneca e man).
- D) Tarefas con risco de trastornos das extremidades inferiores.

8. A partir de que peso considera a Guía Técnica do Real Decreto 487/1997 que unha carga pode entrañar un potencial risco dorsolumbar, se se manipula nunhas condicións ergonómicas desfavorables?

- A) 3 Kg.
- B) 5 Kg.
- C) 7 Kg.
- D) 10 Kg.

9. Segundo o artigo 2.4 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, poderán reflectir nun único documento o Plan de prevención de riscos laborais, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva:

- A) As empresas de ata 25 traballadores que non desenvolvan actividades do anexo I.
- B) As empresas de ata 50 traballadores que non desenvolvan actividades do anexo I.
- C) As empresas de ata 25 traballadores, desenvolvan ou non actividades do anexo I.
- D) As empresas de ata 50 traballadores, desenvolvan ou non actividades do anexo I.

10. Segundo o disposto na Resolución conxunta do 29 de maio de 1998, da División de Asistencia Sanitaria e da División de Recursos Humanos, pola que se ordena a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais UGT, CISM, CC.OO., CSI-CSIF, CIG e SATSE, sobre os sistemas de prevención de riscos e de consulta e participación dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, os delegados de prevención están facultados para:

A) Acompañar aos técnicos nas avaliacións de carácter preventivo do medio ambiente de traballo, así como nos termos previstos no artigo 40 da Lei de prevención de riscos laborais, aos inspectores de Traballo e Seguridade Social nas visitas e verificacións que realicen nos centros de traballo para comprobar o cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, podendo formular ante eles as observacións que estimen oportunas.

B) Ser informados sobre os danos producidos na saúde dos traballadores unha vez que aquel tivese coñecemento deles, podendo presentarse, aínda fóra da súa xornada laboral, no lugar dos feitos para coñecer as circunstancias dos mesmos.

C) Realizar visitas aos lugares de traballo para exercer un labor de vixilancia e control do estado das condicións de traballo, podendo, a tal fin, acceder a calquera zona dos mesmos e comunicarse durante a xornada cos traballadores, de maneira que non se altere o normal desenvolvemento do proceso produtivo.

D) Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Segundo o artigo 36.1 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, NON se atopa entre as funcións correspondentes ao nivel intermedio:

A) Promover, con carácter xeral, a prevención na empresa e a súa integración na mesma.

B) Vixiar o cumprimento do programa de control e redución de riscos e efectuar persoalmente as actividades de control das condicións de traballo que teña asignadas.

C) A planificación da acción preventiva a desenvolver nas situacións nas que o control ou redución dos riscos supón a realización de actividades diferentes, que implican a intervención de distintos especialistas.

D) Participar na planificación da actividade preventiva e dirixir as actuacións para desenvolver en casos de emerxencia e primeiros auxilios.

12. No documento "Límites de exposición profesional a axentes químicos en España 2017", cando se utiliza o termo "Exposición", sen cualificativos, a qué vía de entrada se refire?

A) Respiratoria, dérmica e dixestiva.

B) Respiratoria.

C) Respiratoria e dérmica.

D) A todas as vías de entrada.

13. Indique cal destas afirmacións correspóndese cun láser de clase 2:

A) A visión directa do feixe é sempre perigosa.

B) A visión directa do feixe é sempre perigosa para ollos e pel e tamén poden producir reflexións difusas perigosas.

C) A protección ocular conséguese normalmente polas respostas de aversión, excepto cando se usan instrumentos ópticos.

D) A protección ocular conséguese normalmente polas respostas de aversión, aínda que se usen instrumentos ópticos.

**14. Cal dos seguintes elementos poderemos considerar equipo de protección individual das vías respiratorias?**

- A) Equipos de submarinismo.
- B) Equipos filtrantes mixtos.
- C) A resposta a) e b) son correctas.
- D) Ningunha das respostas anteriores.

**15. Cal é a definición de acoso psicolóxico no traballo como risco laboral aceptada polo INSHT no seu NTP 854?**

- A) Exposición a condutas de violencia psicolóxica, dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo, cara a unha ou máis persoas por parte doutra/s que actúan fronte aquela/s desde unha posición de poder (non necesariamente xerárquica). Dita exposición dáse no marco dunha relación laboral e supón un risco importante para a saúde.
- B) Comportamento negativo entre compañeiros ou entre superiores e inferiores xerárquicos, a causa do cal o afectado é obxecto de acoso e ataques sistemáticos, de modo directo ou indirecto, por parte dunha ou máis persoas, co obxectivo e/ou o efecto de facerlle o baleiro, con independencia do carácter permanente ou episódico de dito comportamento.
- C) O comportamento agresivo e ameazador dun ou máis membros dun grupo, o acosador, cara a un individuo ou ocasionalmente cara a un grupo, denominado obxectivo ou vítima.
- D) Un comportamento irracional repetido con respecto a un empregado ou a un grupo de empregados, que crea un risco para a saúde e a seguridade.

**16. Segundo NIOSH, os Dispositivos de transferencia de fármacos de sistema pechado CSTD, utilizados para a preparación de citostáticos, son:**

- A) Aqueles equipos que permiten a transferencia dos fármacos sen que estes teñan contacto co exterior.
- B) Aqueles equipos que dispoñen de sistemas de filtración para evitar a produción de aerosois.
- C) Aqueles equipos que realizan a transferencia do citostático mantendo a asepsia.
- D) Aqueles equipos que impiden de maneira mecánica a entrada de contaminantes no sistema e o escape de principios activos perigosos ou vapores fóra do mesmo.

**17. De acordo cos criterios da Guía Técnica AVALIACIÓN E PREVENCIÓN DOS RISCOS RELATIVOS Á UTILIZACIÓN DE EQUIPOS CON PANTALLAS DE VISUALIZACIÓN do INSHT, para que un empregado poida ser considerado directamente "traballador" usuario de pantallas de visualización é necesario que a duración do seu traballo efectivo cos devanditos equipos sexa maior de:**

- A) 1 hora diaria ou 15 horas semanais.
- B) 2 horas diarias ou 15 horas semanais.
- C) 3 horas diarias ou 15 horas semanais.
- D) 4 horas diarias ou 20 horas semanais.

**18. Segundo o Documento Básico DB-SI, en uso hospitalario, as cociñas deben dispoñer dunha instalación automática de extinción:**

- A) Cando a potencia instalada na mesma sexa superior a 10 Kw e inferior a 16 Kw.
- B) Cando a potencia instalada na mesma sexa superior a 16 Kw e inferior a 20 Kw.
- C) Cando a potencia instalada na mesma sexa superior a 20 Kw.
- D) En todo caso.

19. As disposicións do Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, aplicaranse ás actividades Sanitarias en:

- A) Establecemento de uso sanitario nos que se prestan coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo ou cirúrxico, cunha dispoñibilidade igual ou superior a 200 camas.
- B) Establecemento de uso sanitario que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.
- C) Establecemento de uso sanitario con ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.
- D) Todas as respostas son correctas.

20. Que se entende por Comité de Seguridade e Saúde?

- A) O órgano máximo de representación dos traballadores na empresa polo que se refire ás cuestións relacionadas coa prevención de riscos laborais.
- B) O órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais.
- C) O órgano constituído polos membros do Servizo de Prevención e os delegados de prevención na empresa para a análise da sinistralidade.
- D) O conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos traballadores, asesorando e asistindo para iso ao empresario, aos traballadores e aos seus representantes e aos órganos de representación especializados.

21. Segundo o establecido no artigo 8.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, exerce a Secretaría Xeral da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo:

- A) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social
- B) O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade
- C) O Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

22. Segundo o procedemento P-PRL 16 do Servizo Galego de Saúde, "xestión de non conformidades, accións correctivas e preventivas", enténdese por non conformidade grave:

- A) Aquela que afecta a incumprimentos (infraccións) moi graves da LISOS.
- B) Aquela que afecta a incumprimentos (infraccións) graves ou moi graves da LISOS.
- C) Aquela que afecta a calquera incumprimento (infracción) da LISOS.
- D) Aquela cuxa non corrección pon en risco grave ás persoas traballadoras.

23. Na análise dos riscos laborais, que diferenza existe entre os conceptos de prevención e protección?

- A) Ambos son termos equivalentes xa que tenden ao mesmo resultado.
- B) A prevención refírese ao conxunto de actividades ou medidas destinadas a evitar ou diminuír os riscos, mentres que por protección enténdese o conxunto de medidas tendentes a garantir a seguridade dos traballadores fronte aos riscos que poidan actualizarse no desenvolvemento do traballo.
- C) A prevención é unha obrigaición do empresario mentres que a protección é unha obrigaición dos propios traballadores.
- D) A protección é un termo que se refire exclusivamente aos equipos de protección individual, mentres que a prevención refírese a todos os aspectos do traballo.

**24. Os factores psicosociais poden afectar á motivación e á satisfacción no traballo e xerar tensión dependendo da percepción que o traballador teña deles e das súas capacidades para facerlles fronte ou darlles resposta?**

- A) Non, a avaliación de factores psicosociais de risco laboral non pode tomar en consideración a resposta individual, senón que terá que facerse de maneira obxectiva, exclusivamente sobre a base das esixencias de cada posto de traballo.
- B) Si, por iso non se pode realizar unha avaliación xeral de riscos derivados de factores psicosociais.
- C) Si, por iso na análise dunha situación, ademais de coñecer cales son as características do traballo, é preciso coñecer a percepción que delas teñen os traballadores.
- D) Non, porque iso conduciría a unha victimización de determinados traballadores.

**25. Na mediación, cal dos seguintes NON é unha función do mediador?:**

- A) Axudar ás partes implicadas no conflito para buscar posibles alternativas ao problema.
- B) Xestionar a comunicación entre as partes.
- C) Adoptar decisións vinculantes para a resolución do conflito.
- D) Todas as respostas anteriores son funcións do mediador.

**26. O incumprimento das obrigacións en materia de coordinación de actividades, pode determinar a responsabilidade solidaria de dúas empresas distintas por unha mesma infracción?**

- A) Non, a responsabilidade solidaria enténdese sempre "en cadea" polo que non pode limitarse a dúas empresas.
- B) Unicamente no caso de que o incumprimento se refira ao deber de vixilancia da empresa principal sobre a empresa subcontratista que presta servizos no centro de traballo da primeira.
- C) A responsabilidade solidaria só poderá apreciarse cando houbese un requirimento previo da inspección de traballo.
- D) Calquera das obrigacións en materia de coordinación de actividades determina a responsabilidade solidaria en caso de incumprimentos.

**27. Segundo o disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, ten a consideración de situación determinante de incapacidade temporal:**

- A) As debidas a enfermidade común ou profesional e a accidente, sexa ou non de traballo, mentres o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e estea impedido para o traballo, cunha duración máxima de 365 días, prorrogables por outros 90 días cando se presuma que durante eles pode o traballador ser dado de alta médica por curación.
- B) Os períodos de observación por enfermidade profesional nos que se prescriba a baixa no traballo durante os mesmos, cunha duración máxima de 6 meses, prorrogables por outros 3 cando se estime necesario para o estudo e diagnóstico da enfermidade.
- C) As dúas respostas anteriores son correctas.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**28. Respecto ao estilo de mando coñecido como "Autocrático":**

- A) Baséase no principio de autoridade.
- B) Ten como vantaxe que xera produtividade inmediata.
- C) Ten como desvantaxe o temor e tensión entre os traballadores.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

29. Segundo o establecido no artigo 5.2 do Decreto 163/2010, do 16 de setembro, polo que se crea o Observatorio de violencia no contorno laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, o/a presidente/a de o Pleno do Observatorio é:

- A) A persoa titular da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial.
- B) A persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos.
- C) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) A persoa titular da Consellería de Sanidade.

30. Os factores que contribúen á carga de traballo mental e que exercen presións sobre a persoa que o desempeña, pódense agrupar segundo procedan:

- A) Das esixencias da tarefa.
- B) Das circunstancias de traballo (físicas, sociais e de organización).
- C) Do exterior da organización.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Indique cal destes fluídos biolóxicos humanos non se considera como potencialmente contaminado con axentes biolóxicos no contexto das precaucións estándar:

- A) Esputo.
- B) Ouriños sen sangue.
- C) Líquido cefalorraquídeo.
- D) Seme.

32. Os efectos estocásticos das radiacións ionizantes caracterízanse porque...

- A) A relación dose–efecto non é de natureza probabilística.
- B) Prodúcese a partir dunha dose limiar.
- C) A gravidade do efecto, unha vez producido, depende da dose recibida.
- D) A gravidade do efecto, unha vez producido, é independente da dose recibida.

33. Como se constrúe a "árbore de causas" na investigación dun accidente de traballo?

- A) Sempre se parte do último feito, a lesión, e, seguindo unha orde cronolóxica inversa, vense consignado os feitos que determinaron a secuencia de acontecementos.
- B) Consígnanse os feitos ocorridos desde o comezo da xornada do traballador que sufriu o accidente.
- C) Constrúese sobre a base da toma de datos, considerando que todos eles tiveron idéntica influencia na produción do accidente.
- D) Constrúese sobre a base de todas as circunstancias concorrentes no momento de producirse o accidente.

34. Segundo indica a Orde ESS/1451/2013, do 29 de xullo, cando se implementen dispositivos de seguridade nun centro sanitario:

- A) Existe un período transitorio dun mes no que poden convivir dispositivos convencionais e de bioseguridade.
- B) Paralelamente debe producirse a retirada dos dispositivos convencionais, para garantir que ambos non conviven no centro sanitario.
- C) Poden convivir dispositivos convencionais e de bioseguridade, utilizando estes últimos para as técnicas de maior risco de infección.
- D) Os traballadores poden elixir a utilización de dispositivos convencionais ou de bioseguridade en función do seu grao de formación.

**35. Que traballadores teñen legalmente a consideración de traballadores nocturnos?**

- A) O que presta servizos máis de dous días á semana na quenda de noite.
- B) Todo traballador que durante un mínimo de tres horas diarias ou unha terceira parte da súa xornada anual presta servizos en horario comprendido entre as 10 da noite e as 6 da mañá.
- C) Todos os traballadores que prestan servizos, aínda que sexa ocasionalmente, en quenda de noite.
- D) Todo traballador que presta servizos en horario comprendido entre as 11 da noite e as 7 da mañá.

**36. Segundo o procedemento P-PRL 02 do Servizo Galego de Saúde, "Procedemento para avaliar os riscos laborais e planificar a actividade preventiva no marco do Preven CS/32", enténdese por perigo:**

- A) Fonte ou situación de dano potencial en termos de lesión ou dano á saúde, á propiedade, ou ó contorno de traballo ou á combinación destes.
- B) Posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- C) As dúas respostas anteriores son correctas.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**37. Segundo o regulamento REACH, un "artigo" defínese como:**

- A) Un obxecto que, durante a súa fabricación, recibe unha forma, superficie ou deseño especiais que determinan a súa función en maior medida que a súa composición química.
- B) Un produto ou obxecto que se compra ou se vende.
- C) Un obxecto que contén unha substancia ou mestura de substancias no seu interior.
- D) Un obxecto destinado á venda ao público e que pode xerar riscos químicos durante a súa utilización.

**38. En que suposto dos que se indican a continuación será obrigatorio para a empresa garantir a presenza dun recurso preventivo no centro de traballo?**

- A) Cando así o decida a Inspección de Traballo no suposto de constatar a prestación de servizos de menores ou discapacitados.
- B) Cando os riscos poden verse agravados pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven simultánea ou sucesivamente que fan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo.
- C) En todos os casos en que os traballadores non pasaron recoñecemento médico.
- D) Cando se realicen traballos que xeren riscos cualificados como importantes na avaliación de riscos da empresa.

**39. Segundo o disposto no artigo 157 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, enténdese por enfermidade profesional:**

- A) Toda enfermidade contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea.
- B) A contraída a consecuencia do traballo executado por conta propia ou allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei, e que estea provocada pola acción dos elementos ou substancias que no devandito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.
- C) A contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei, e que estea provocada pola acción dos elementos ou substancias que no devandito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**40. A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa a través de:**

- A) A política preventiva.
- B) O plan de prevención.
- C) O consenso das partes.
- D) O poder de decisión do empresario.

**41. Cales destes axentes anestésicos inhalatorios utilízanse de forma máis habitual nos centros hospitalarios na actualidade en España?**

- A) Protóxido de nitróxeno, fluroxeno, sevoflurano e isoflurano.
- B) Protóxido de nitróxeno, sevoflurano, isoflurano y desflurano.
- C) Protóxido de nitróxeno, halotano, sevoflurano e isoflurano.
- D) Protóxido de nitróxeno, halotano, sevoflurano, y desflurano.

**42. Cales das seguintes medidas para previr posibles efectos adversos sobre o embarazo ou lactación se menciona expresamente no art. 26 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais?**

- A) A separación da traballadora do seu posto de traballo se o seu desempeño supón a manipulación manual de cargas.
- B) A instalación de barras repousapés ou asentos abatibles para o traballo que require bideestación.
- C) A avaliación dos factores estresantes no desempeño do seu posto.
- D) A non realización de traballo a quendas ou traballo nocturno.

**43. Quen pode realizar a auditoría do sistema de prevención dunha empresa?**

- A) Calquera persoa física ou xurídica que conte cos coñecementos e cos medios necesarios adecuados ao obxecto da auditoría.
- B) Calquera entidade autorizada par actuar como servizo de prevención alleo, sempre que non manteña vínculos comerciais ou financeiros coa empresa a auditar.
- C) Entidades de recoñecido prestixio e cualificación no ámbito da prevención de riscos laborais.
- D) Soamente as persoas ou entidades especializadas que conten con autorización expresa da autoridade laboral competente.

**44. O formaldehido está clasificado como sensibilizante?**

- A) No.
- B) Sí, sólo por vía dérmica.
- C) Sí, sólo por vía respiratoria.
- D) Sí, por vía dérmica y por vía respiratoria.

**45. Na comunicación interpersonal, a diferenza entre o expresado de forma consciente ou verbal e o transmitido inconscientemente de forma non verbal defínese como:**

- A) Filtros de comunicación.
- B) Arco de distorsión.
- C) Código de racionalidade.
- D) Barreiras físicas.

46. Os trastornos musculoesqueléticos de orixe laboral defínense como aquelas alteracións que sofren estruturas corporais, causadas ou agravadas fundamentalmente polo traballo e os efectos da contorna no que este se desenvolve. A que estruturas corporais fai referencia esta definición?

- A) Músculos, articulacións, tendóns, ligamentos, ósos e o sistema circulatorio.
- B) Músculos, articulacións, tendóns, ligamentos, nervios e ósos.
- C) Músculos, articulacións, tendóns e ligamentos.
- D) Músculos, articulacións, tendóns, ligamentos, nervios, ósos e o sistema circulatorio.

47. Se aplicamos o método Fanger para valorar o confort térmico nunha oficina con persoal non sanitario, é necesario ter en conta a influencia da vestimenta que levan as persoas obxecto do estudo. As características térmicas do vestido mídense na unidade denominada "clo", equivalente a:

- A) 0,8 m<sup>2</sup> K W<sup>-1</sup>.
- B) 0,12 m<sup>2</sup> K W<sup>-1</sup>.
- C) 0,16 m<sup>2</sup> K W<sup>-1</sup>.
- D) 0,24 m<sup>2</sup> K W<sup>-1</sup>.

48. Segundo a NTP 704 do Instituto Nacional de Seguridade, Salud y Bienestar en el trabajo, indique a orde correcta das 5 fases do síndrome de "burnout":

- A) Entusiasmo, estancamento, apatía, frustración, queimado.
- B) Entusiasmo, apatía, estancamento, frustración, queimado.
- C) Entusiasmo, estancamento, frustración, apatía, queimado.
- D) Entusiasmo, frustración, estancamento, apatía, queimado.

49. De acordo co establecido no Procedemento de consulta e participación P-PRL 05 do SERGAS, cales son os órganos paritarios e colexiados de participación constituídos no seu ámbito?

- A) Os Comités de Seguridade e Saúde de cada Complexo Hospitalario e o Comité de Seguridade e Saúde Central.
- B) O Comité Intercentros de Seguridade e Saúde e a Comisión Central de Seguridade e Saúde.
- C) Comisión Central de Seguridade e Saúde e os Comités de Seguridade e Saúde de Área.
- D) Os Comités de Seguridade e Saúde de cada centro de traballo.

50. De acordo co RD 486/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, a temperatura ideal para locais pechados nos que a actividade que se realiza sexan traballos sedentarios propios de oficinas, estará comprendida:

- A) Entre 14 e 25o C.
- B) Entre 15 e 25o C.
- C) Entre 16 e 25o C.
- D) Entre 17 y 27o C.

**51. Segundo o establecido nos estatutos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, non está entre as súas funcións:**

- A) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- B) Realizar as funcións de vixilancia da saúde do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.
- C) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, con obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- D) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e, no seu caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.

**52. Cantos delegados de prevención poderán ser designados nunha empresa que conta cun total de 675 traballadores?**

- A) Un máximo de 13 delegados de prevención.
- B) Poden designarse un máximo de 5 delegados, sen prexuízo do que se estableza en convenio colectivo.
- C) Poderán ser designados un máximo de 4 delegados de prevención por acordo do comité de empresa e entre os seus membros.
- D) O número de delegados deberá ser determinado polo empresario previa consulta co comité de empresa.

**53. Cal destas afirmacións é correcta en relación aos axentes anestésicos inhalatorios utilizados habitualmente en quirófano en España?**

- A) A temperatura ambiente (20 graos centígrados) son gases.
- B) Non se dispón de valores límite de exposición para ningún destes axentes químicos.
- C) Ningún está clasificado como tóxico para a reprodución.
- D) Non se lles aplica a normativa derivada da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ao tratarse de medicamentos.

**54. Co fin de realizar unha primeira detección naquelas situacións nas que poida existir risco de estrés térmico por calor, utilizará o:**

- A) Método do índice WBGT.
- B) Método FANGER.
- C) Método do índice IREQ.
- D) Método OWAS.

**55. Aos efectos do Real Decreto 773/1997, considéranse "equipos de protección individual":**

- A) Equipos dos servizos de salvamento e socorro.
- B) Equipos de protección individual dos policía.
- C) Xeonlleiras.
- D) O material de deporte.

**56. Segundo o establecido no procedemento P-PRL 20, "procedemento de actuación e apoio ao profesional en episodios de violencia de orixe externa", se quere calcular o índice de incidencia de agresións utilizará a fórmula:**

- A) (número traballadores agredidos / poboación asignada) x 1000 TIS (Tarxeta Individual Sanitaria).
- B) (número traballadores agredidos / poboación asignada) x 10000 TIS (Tarxeta Individual Sanitaria).
- C) (número traballadores agredidos / número traballadores cadro de persoal) x 1000.
- D) (número traballadores agredidos / número traballadores cadro de persoal) x 10000.

**57. No ámbito sanitario, calquera equipo de protección individual deberá dispoñer o marcado "CE" que deberá ter unha dimensión vertical apreciablemente igual e non inferior a:**

- A) 2 mm.
- B) 3 mm.
- C) 4 mm.
- D) 5 mm.

**58. O nivel de iluminación dunha vía de evacuación, de acordo co RD 486/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, medirase a:**

- A) Nivel do chan.
- B) 20 cm. do chan.
- C) 50 cm. do chan.
- D) 85 cm. do chan.

**59. Que xesto deberá realizar o encargado dos sinais, para que o "operador", realice unha manobra de izado.**

- A) Brazo dereito estendido cara abaixo, a palma da man dereita cara ao interior, describindo lentamente un círculo.
- B) Os dous brazos estendidos cara arriba, as palmas das mans cara a adiante e lentamente arriba.
- C) Os dous brazos dobrados, as palmas das mans cara ao interior, os antebrazos móvense lentamente cara ao corpo.
- D) Brazo dereito estendido cara arriba, a palma da man dereita cara a adiante, describindo lentamente un círculo.

**60. Participa na selección dun catéter venoso periférico de seguridade, cal destes considera que é máis seguro para o operador?**

- A) Catéter con dispositivo de bioseguridade de activación cunha man e cando a agulla está no corpo do paciente.
- B) Catéter con dispositivo de bioseguridade de activación con dúas mans e cando a agulla está no corpo do paciente.
- C) Catéter con dispositivo de bioseguridade de activación pasiva.
- D) Catéter con dispositivo de bioseguridade de activación cunha ou dúas mans e cando a agulla non está no corpo do paciente.

61. Desde os órganos de dirección do Servizo Galego de Saúde pregúntaselle cal é o prazo para a comunicación electrónica a través do sistema Delt@ dos partes de accidente de traballo con baixa. Segundo o establecido no apartado 4.3 do procedemento P-PRL 07, "Procedemento de notificación interna, investigación e rexistro dos incidentes e danos derivados do traballo", o prazo é:

- A) Nos 2 días hábiles seguintes á data do accidente ou da baixa médica, se é posterior.
- B) Nos 3 días hábiles seguintes á data do accidente ou da baixa médica, se é posterior.
- C) Nos 4 días hábiles seguintes á data do accidente ou da baixa médica, se é posterior.
- D) Nos 5 días hábiles seguintes á data do accidente ou da baixa médica, se é posterior.

62. Na utilización de carretillas elevadoras, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) Deben contar cun avisador luminoso de tipo rotatorio ou flash e tamén un sinal acústico para a marcha atrás.
- B) O descenso das pendentes realizarase sempre "marcha adiante" para ter mellor visibilidade.
- C) A circulación debería ser de ao redor de 20 quilómetros por hora en exteriores e de 10 quilómetros por hora en interiores.
- D) Non se transportarán cargas que superen a capacidade indicada polo fabricante.

63. Nunha medición dun equipo de electroterapia de microondas supéranse os Niveis de Acción establecidos no Real Decreto 299/2016, do 22 de xullo nas proximidades do equipo. Cal destas medidas preventivas NON propoñería?

- A) Adopción de métodos de traballo que leven unha exposición menor ao campo electromagnético.
- B) Blindaxe da cabina de electroterapia para evitar ou limitar a emisión de radiación ao exterior da mesma.
- C) Establecer un programa adecuado de mantemento dos equipos de traballo que emiten radiación de onda curta.
- D) Entrega de equipos adecuados de protección individual.

64. A empresa ABC, S.A. foi contratada para prestar servizos de catering nas instalacións da empresa SHYPPARD BELL, S.A., cuxa actividade consiste na construción de barcos. O delegado de prevención da empresa ABC, S.A. considera que debe ser designado como coordinador de actividades preventivas.

- A) Ten dereito a ser designado como coordinador, sempre que acredite que dispón como mínimo da formación de nivel básico.
- B) O delegado de prevención de ABC, S.A. debe ser designado como coordinador, se así o decide o comité de empresa de SHYPPARD BELL, S.A.
- C) Unicamente pode ser designado como coordinador un delegado de prevención da empresa titular do centro de traballo.
- D) O delegado de prevención de ABC, S.A., na súa condición de tal, non pode ser designado como coordinador, sen prexuízo de que puidese selo se reúne os coñecementos, a cualificación e a experiencia necesarias nas actividades cuxa concorrencia motiva a designación dun coordinador.

**65. O servizo de prevención alleo dunha empresa insiste en que todos os traballadores deben someterse a recoñecemento médico anual. Dous traballadores neganse a pasalo ata que a empresa ou o servizo de prevención infórmlles por escrito do tipo de probas que se lles van a realizar, así como das razóns que xustifican a obrigatoriedade dos recoñecementos.**


- A) A empresa pode sancionar a estes traballadores porque se negan a cumprir as recomendacións preventivas do servizo de prevención.
- B) Se estes traballadores se negan a pasar o recoñecemento a empresa non poderá sancionalos pero os traballadores perderán todos os dereitos que puidesen corresponderlles en caso de sufrir un accidente de traballo.
- C) Os traballadores poden negarse a pasar recoñecemento médico xa que o mesmo é de carácter voluntario para o traballador e as excepcións a este principio xeral non quedaron establecidas.
- D) Os traballadores deberán someterse ao recoñecemento médico e poderán posteriormente presentar reclamación ante o servizo de prevención alleo.

**66. Na avaliación da exposición a un axente químico por vía inhalatoria determínase que se cumpren as condicións para aplicar o sistema de decisión a partir dun pequeno número de xornadas muestreadas, proposto na Guía Técnica do Real Decreto 374/2001. Realízase unha medición nunha xornada de traballo representativa e obtense un índice de exposición de 0,3. Isto implica que:**

- A) A exposición é aceptable.
- B) Débense obter polo menos dous valores máis de exposición diaria e calcular a media xeométrica dos índices de exposición.
- C) Débense obter polo menos dous valores máis de exposición diaria para dispoñer dun mínimo de tres índices de exposición e poder continuar o procedemento.
- D) A exposición é inaceptable.

**67. Unha empregada de fogar sufriu un accidente de traballo ao caerse desde unha xanela mentres limpaba os cristais. O titular do fogar familiar non lle facilitaba ningún tipo de formación preventiva.**

- A) A falta de formación da empregada supón o incumprimento polo titular do fogar familiar das obrigacións establecidas no art. 21 da Lei de Prevención.
- B) O titular do fogar familiar non estaba obrigado a darlle esa formación polo que non incumpriu ningunha obrigaón legal.
- C) A valoración do incumprimento deberá ponderar a existencia dunha avaliación de riscos, non só a falta de formación.
- D) Haberá que valorar se o titular do fogar familiar lle proporcionara ou non o equipo de protección individual necesario.



68. O repousapés da imaxe inmediatamente anterior a este enunciado, necesario nos casos onde non se pode regular a altura da mesa e a altura do asento non permita ao usuario descansar os seus pés no chan, deberá reunir as seguintes características:

- A) Dimensións mínimas de 35 cm. de ancho por 35 cm. de profundidade.
- B) Dimensións mínimas de 35 cm. de ancho por 45 cm. de profundidade.
- C) Dimensións mínimas de 45 cm. de ancho por 35 cm. de profundidade.
- D) Dimensións mínimas de 45 cm. de ancho por 45 cm. de profundidade.

69. En relación coas consecuencias que ten a postura de traballo de sobre o feto, segundo recolle a NTP 413 "Carga física e embarazo", sinala a opción INCORRECTA

- A) A muller embarazada que traballa de pé adoita ter nenos con menor peso que os das mulleres que non traballan ou o fan en posición sentada.
- B) As mulleres que traballan sentadas non só teñen bebés máis grandes, senón que teñen menos risco de sufrir un parto de feto morto
- C) O manexo de cargas e as posturas forzadas non afectan a porcentaxe ou a probabilidade de sufrir abortos espontáneos e partos prematuros
- D) Pódense dar perdas de sangue, especialmente no primeiro e segundo trimestre do embarazo, en posturas de pé máis que en traballo sentado.

70. Desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral propónse a contratación dunha determinada subministración, ante o cal formúlase a cuestión de quen é o órgano de contratación. Á vista do establecido no artigo 6.2 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, actúa como órgano de contratación:

- A) A Presidencia do Instituto.
- B) A Xerencia do Instituto.
- C) A Subdirección Xeral de Administración e Persoal do Instituto.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

71. O responsable da súa unidade administrativa indícalle que a un traballador recoñécusel a enfermidade profesional con código 210107. Segundo o establecido no Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social e establécense criterios para a súa notificación e rexistro, esta enfermidade está causada por:

- A) Axentes químicos.
- B) Axentes físicos.
- C) Axentes biolóxicos.
- D) Axentes carcinoxénicos.

72. Durante a avaliación de riscos dunha unidade de enfermaría detecta un recipiente para residuos de obxectos cortopunzantes cheo na súa totalidade. Que medida preventiva indicaría?


- A) Adquirir colectores de maior capacidade.
- B) Retirar o recipiente de residuos cortopunzantes cando se atope cheo nas tres cuartas partes da súa capacidade.
- C) Separar a agulla das xiringas antes de botalas ao recipiente de residuos cortopunzantes para non enchelo con residuos que son de gran volume e non presentan risco de picada.
- D) Non procede indicar ningunha medida preventiva xa que os recipientes débense aproveitar ao máximo para economizar recursos.

73. Nunha mostra de persoas traballadoras, o número de mulleres dividido entre o total de persoas traballadoras é:

- A) Unha frecuencia absoluta.
- B) Unha frecuencia relativa.
- C) Unha variable cuantitativa.
- D) Unha variable cualitativa.

74. A UPRL dun centro sanitario integrado no SERGAS completou o proceso de investigación dun accidente de traballo. Como resultado da investigación definiu as medidas preventivas e correctivas necesarias para que o suceso non se volva a repetir. Quen deberá realizar o seguimento e control da efectiva implantación de tales medidas preventivas, de acordo co Protocolo P-PRL 02 do Servizo Galego de Saúde?

- A) A propia Unidade Periférica de Prevención de Riscos Laborais que elaborou a proposta de Planificación da actividade preventiva.
- B) O seguimento deberá realizarse no seo do Comité de Seguridade e Saúde do centro de traballo.
- C) A dirección/xerencia do centro ou as persoas en que delegue.
- D) A Dirección de Recursos Humanos do SERGAS.



75. O teclado como elemento de entrada de datos como o que se mostra na imaxe que antecede, e seguindo as indicacións da guía técnica do INSHT para Pantallas de visualización, no seu deseño:

- A) Recoméndase que a altura da 3ª fila de teclas (fila central) non exceda de 30 mm. respecto á base de apoio do teclado e a inclinación deste debería estar comprendida entre 0 graos e 30 graos respecto á horizontal.
- B) Recoméndase que a altura da 3ª fila de teclas (fila central) non exceda de 30 mm. respecto á base de apoio do teclado e a inclinación deste debería estar comprendida entre 0 graos e 25 graos respecto á horizontal.
- C) Recoméndase que a altura da 3ª fila de teclas (fila central) non exceda de 40 mm. respecto á base de apoio do teclado e a inclinación deste debería estar comprendida entre 0 graos e 30 graos respecto á horizontal.
- D) Recoméndase que a altura da 3ª fila de teclas (fila central) non exceda de 40 mm. respecto á base de apoio do teclado e a inclinación deste debería estar comprendida entre 0 graos e 25 graos respecto á horizontal.

76. Atopamos exemplos de técnicas de seguridade activas en:

- A) Comunicación de accidentes.
- B) Inspección de seguridade.
- C) Investigación de accidentes.
- D) Ningunha das anteriores.



77. Durante unha avaliación de riscos, identifica unha botella en cuxa etiqueta se pode ver un pictograma como o da imaxe que se mostra. A que perigo corresponde dos que se indican a continuación?

- A) Tóxico en caso de ingestión.
- B) Sensibilizante respiratorio.
- C) Provoca irritación cutánea.
- D) Nocivo en caso de ingestión.

78. O Servizo Galego de Saúde ten constituído un servizo de prevención propio. Desde os órganos de dirección do Sergas pregúntanlle a vostede se, á vista do establecido no artigo 12.2 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, deben designar a algún traballador para ocuparse da actividade preventiva. Indique das seguintes respostas, cal é a correcta:

- A) Si, e o número de traballadores a designar dependerá do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde.
- B) Si, e o número de traballadores a designar dependerá do nivel de risco.
- C) Neste caso, a designación de traballadores non é obrigatoria.
- D) A decisión debe someterse a votación do Comité de Seguridade e Saúde.

79. Solicítanlle asesoramento para o deseño dun laboratorio no cal se van manipular materiais con respecto aos cales existe incerteza acerca da presenza de axentes biolóxicos que poidan causar enfermidade no home. Que nivel de contención recomendaría adoptar?

- A) Polo menos un nivel de contención 3.
- B) Polo menos un nivel de contención 2 cando o obxectivo non é traballar co axente biolóxico como tal (cultivalo ou centralo).
- C) Polo menos un nivel de contención 3 cando se prevexa a incorporación dun traballador especialmente sensible.
- D) Polo menos un nivel de contención 4.

80. O 01/01/2017 un traballador causa baixa médica por incapacidade temporal, debido a unha enfermidade común. O día 01/07/2017 concédeselle a alta médica. O 01/10/2017 o traballador causa novamente baixa médica, por unha patoloxía similar. Pregúntaselle a vostede se, á vista do establecido no artigo 169.2 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, pódese considerar que na segunda baixa médica existe recaída no primeiro proceso. A resposta correcta é:

- A) Si.
- B) Non.
- C) Depende do que considere o facultativo que emite a segunda baixa médica.
- D) A consideración ou non de recaída queda a criterio da inspección sanitaria.

81. Na avaliación de riscos dun quirófano, observa que se utilizan os tres sistemas de conexión á vía respiratoria do paciente que se indican a continuación. Cal deles consideraría que xera máis perda de axentes anestésicos inhalatorios ao medio ambiente de traballo?

- A) Tubo endotraqueal sen pneumotaponamento.
- B) Tubo endotraqueal con pneumotaponamento.
- C) Máscara larínxea.
- D) Ningún destes dispositivos permite a perda de axentes anestésicos inhalatorios ao medio ambiente de traballo.

82. Cal é o tempo máximo de exposición ao ruído para alcanzar un nivel equivalente diario de 87 dB(A)?

- A) 90 dB(A), 4 horas.
- B) 96 dB(A), 1 hora.
- C) 120 dB(A), 15 segundos.
- D) Todas as respotas son correctas.

83. Un delegado sindical que presta servizos nun centro hospitalario integrado no SERGAS comunica ao Presidente a súa intención de asistir a unha reunión do Comité de Seguridade e Saúde do seu centro de traballo. O delegado sindical non ten a condición de delegado de prevención.

- A) Ao non ter a condición de delegado de prevención non pode participar nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde.
- B) O delegado sindical poderá participar na reunión do Comité de Seguridade e Saúde se así se decide no seo deste órgano.
- C) O delegado sindical pode participar en todas as reunións do Comité de Seguridade e Saúde con voz pero sen voto.
- D) O delegado sindical poderá participar na reunión do Comité de Seguridade e Saúde en substitución dun delegado de prevención que pertenza á súa mesma central sindical, en caso de imposibilidade de asistencia deste último, asumindo a totalidade de facultades que corresponden aos delegados de prevención.

84. Tomando como referencia o RD 486/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, a rampla de acceso a un Centro de Saúde terá unha pendente máxima do 12 por 100 cando a súa lonxitude sexa menor de:

- A) 2 metros.
- B) 3 metros.
- C) 4 metros.
- D) 5 metros.

85. Avalía unha tarefa que implica manipulación manual de cargas utilizando o método proposto na Guía Técnica do Real Decreto 487/1997 e obtense como resultado que o Peso Real é maior que o Peso Aceptable. Como se considera o risco?

- A) Tolerable.
- B) Indeterminado.
- C) Non tolerable.
- D) Moderado.

86. Solicitan o seu asesoramento para a selección dun equipo de protección respiratoria filtrante nunha tarefa que se realiza no laboratorio de Anatomía Patolóxica e na que existe exposición a formaldehído por vía inhalatoria. Que tipo de filtro recomendaría?

- A) Filtro tipo A.
- B) Filtro tipo B.
- C) Filtro tipo E.
- D) Filtro tipo P3.

87. Como deben ser considerados nos Centros Sanitarios, os residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados:

- A) Residuos específicos da actividade sanitaria.
- B) Residuos non específicos da actividade sanitaria.
- C) Residuos sanitarios biocontaminados.
- D) Residuos non domésticos.

88. Segundo o establecido no procedemento P-PRL 02, "Procedemento para avaliar os riscos laborais e planificar a actividade preventiva no marco do Preven CS/32", un dano que pode ocorrer nalgúns ocasións é un dano de probabilidade:

- A) Inmediata.
- B) Alta.
- C) Media.
- D) Baixa.

89. Vostede vai propoñer unha serie de medidas preventivas fronte á exposición a un axente químico perigoso nun laboratorio. Que orde de prioridades destas que se indican seguiría?

- A) Protección persoal, extracción localizada, ventilación xeral, substitución do axente químico por outro menos perigoso.
- B) Substitución do axente químico por outro menos perigoso, extracción localizada, ventilación xeral, protección persoal.
- C) Información aos traballadores, formación dos traballadores, protección persoal, ventilación xeral.
- D) Formación dos traballadores, ventilación xeral, substitución do axente químico por outro menos perigoso, protección persoal.

**90. Un delegado de prevención nunha empresa que conta con 600 traballadores quere saber de cantas horas dispón dentro da súa xornada de traballo para acompañar aos técnicos do Servizo de prevención nas visitas que estes fan para avaliar os riscos.**

- A) Dispón das horas que lle correspondan para funcións de representación segundo o establecido no art. 68 do Estatuto dos Traballadores.
- B) Dispón de todo o tempo necesario xa que esta actividade considérase para todos os efectos como traballo efectivo.
- C) Non dispón de horas para esa actividade.
- D) Depende da repartición que se fixo entre todos os delegados de prevención.

**91. De acordo co Documento Básico DB-SI, cal será a ocupación máxima nun centro hospitalario se a zona de hospitalización conta con 150 m<sup>2</sup>?**

- A) 5 persoas.
- B) 10 persoas.
- C) 15 persoas.
- D) 20 persoas.

**92. Está a realizar a avaliación de riscos dunha actividade onde non existe intención deliberada de manipular axentes biolóxicos do grupo 2 pero onde é posible a exposición aos devanditos axentes. Aplicando o Real Decreto 644/1997, sobre Axentes Biolóxicos:**

- A) Indicará unicamente a medida preventiva de observar os principios da correcta seguridade e hixiene profesional.
- B) Non indicará medidas preventivas porque o Real Decreto 644/1997 non é de aplicación a estas actividades.
- C) Deberá avaliar as condicións de traballo para determinar se é preciso aplicar os artigos 5 ao 13 do Real Decreto 644/1997 e así propoñer as medidas preventivas pertinentes.
- D) Propoñerá medidas preventivas dirixidas a aplicar unicamente os artigos do Real Decreto 644/1997 relativos a medidas hixiénicas e vixilancia da saúde.

**93. Ten que avaliar unha actividade realizada por unha cirurxiá durante unha intervención cirúrxica que implica a adopción dunha postura forzada, e para iso elixe o método REBA. Cal das seguintes posturas debe puntuar segundo o método?**

- A) As posturas do tronco, brazos (esquerdo e dereito) e dos dous antebrazos.
- B) As posturas do tronco, pescozo e pernas e os brazos (esquerdo e dereito).
- C) As posturas do tronco, pernas, brazos e das bonecas.
- D) As posturas do tronco, pescozo e pernas, brazos (esquerdo e dereito), dos dous antebrazos e das bonecas.

94. Desde os órganos de dirección do Servizo Galego de Saúde pregúntalle a vostede se a Comisión Central de Seguridade e Saúde ten a función de arbitrar e, no seu caso, resolver as discrepancias e controversias que se produzan na aplicación da normativa de riscos profesionais. De acordo co establecido na Resolución conxunta do 29 de maio de 1998, da División de Asistencia Sanitaria e da División de Recursos Humanos, pola que se ordena a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais UGT, CESM, CC.OO., CSI-CSIF, CIG e SATSE, sobre os sistemas de prevención de riscos e de consulta e participación dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a resposta é:

- A) Si.
- B) Non.
- C) Unicamente se así o acorda a maioría dos delegados de prevención.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

95. Segundo o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, en quirófanos e salas de intervención, as instalacións con Moí Baixa Tensión de Seguridade terán unha tensión asignada non superior a:

- A) 12 V en corrente alterna e 25 V en corrente continua.
- B) 24 V en corrente alterna e 50 V en corrente continua.
- C) 24 V en corrente alterna e 60 V en corrente continua.
- D) 50 V en corrente alterna e 75 V en corrente continua.

96. Unha empresa comunica a un traballador que deberá asistir a un curso de formación sobre riscos e medidas preventivas no seu posto de traballo. O curso impártese nunha localidade que dista 30 Km. do centro de traballo. O traballador pregunta á empresa quen debe custear os gastos de desprazamento. Indica cal é resposta correcta

- A) Os gastos de desprazamento correrán a cargo do traballador, sen prexuízo de que o tempo investido na formación se desconte da súa xornada ordinaria.
- B) A empresa está obrigada a facilitar ao traballador todos os medios precisos para que o mesmo poida recibir a formación, o que inclúe os gastos de desprazamento
- C) A empresa unicamente está obrigada a custear a manutención do traballador se o horario do curso coincide coa hora da comida, pero o desprazamento correrá a cargo do traballador.
- D) O empresario sempre deberá impartir a formación no centro de traballo.

97. Está a avaliar un posto de traballo exposto a diferentes situacións térmicas dentro da mesma xornada e vai utilizar o método WBGT. Que condición ten que cumprirse para que poida compensar as diferentes situacións térmicas utilizando este método?

- A) Que o consumo metabólico en calquera das situacións sexa medio ou baixo.
- B) Que a suma do tempo que duran as diferentes situacións térmicas que se compensan non supere os 60 minutos.
- C) No método WBGT non se permite compensar diferentes situacións térmicas, só pódense valorar cada situación de forma individual.
- D) Neste método non existen condicións que limiten a compensación dentro dunha xornada.

98. Na avaliación de riscos dunha área de oncoloxía pediátrica, ten que propoñer medidas preventivas para o manexo dos cueiros con excrecións de pacientes en tratamento citostático. Nas medidas preventivas indicaría que este tipo de residuos débese manipular utilizando equipos de protección persoal:

- A) Sempre, independentemente do tempo trascurrido desde o tratamento citostático.
- B) Só durante as 24 horas posteriores ao tratamento citostático.
- C) Durante un tempo posterior ao tratamento que varía en función do citostático administrado.
- D) Non é preciso indicar esa medida preventiva, xa que este tipo de residuo concreto non se considera que teña riscos de contaminación.

99. Accede a unha zona sinalizada como zona de permanencia regulamentaria, isto significa que nesta zona:

- A) Existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 6 mSv por ano oficial.
- B) Existe o risco de recibir unha dose superior aos límites de doses fixados para os traballadores expostos.
- C) Existe o risco de recibir en curtos períodos de tempo unha dose superior aos límites de doses fixados para os traballadores expostos e que requiren prescricións especiais desde o punto de vista da optimización.
- D) Existe risco de recibir, nunha exposición única, doses superiores aos límites de doses fixados para os traballadores expostos.

100. Na avaliación de riscos dun laboratorio detecta unha actividade cun axente químico clasificado como canceríxeno categoría 1B. Cal destas medidas preventivas propoñerá en primeiro lugar atendendo ao Real Decreto 665/1997?

- A) Limitar as cantidades do axente químico canceríxeno no lugar de traballo.
- B) Evacuar os vapores do axente químico canceríxeno en orixe, mediante extracción localizada.
- C) Limitar ao menor número posible os traballadores expostos ao axente químico canceríxeno ou que poidan estalo.
- D) Estudar se é posible substituír o axente químico canceríxeno por outro que non o sexa.

101. Segundo o establecido no procedemento P-PRL 01, "Control da documentación e os rexistros", cal é o período de conservación dos documentos xerais do sistema (manual, procedementos, instrucións e formularios) en soporte informático?:

- A) 1 ano.
- B) 3 anos.
- C) 5 anos.
- D) 10 anos.

102. Unha clínica radiolóxica, que conta cun total de 15 traballadores, organizou a súa actividade preventiva con recursos propios, concertando as actuacións de hixiene industrial e vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo. A empresa considera que non está obrigada a someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa. O delegado de prevención, con todo, esíxelle que o faga.

- A) A empresa non está obrigada a someter o seu sistema de prevención ao control de auditoría ou avaliación externa porque ten menos de 50 traballadores, aínda que debe cursar a correspondente notificación á autoridade laboral.
- B) A empresa non está obrigada, porque ademais de ter menos de 50 traballadores mantén concerto con servizo de prevención alleo.
- C) A empresa, por razón da súa actividade, si está obrigada a someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría.
- D) Todas as empresas que organicen a súa actividade preventiva con recursos propios deberán someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa

103. O Plan de Autoprotección dun Hospital, revisarase, polo menos, cunha periodicidade non superior a:

- A) 36 meses.
- B) 48 meses.
- C) 60 meses.
- D) Terá vixencia indeterminada.

104. Vostede ten que avaliar un posto de traballo con exposición a Peróxido de Hidróxeno (VLA-ED<sup>®</sup> = 1 ppm) nunha central de esterilización. Indique cal destes valores de concentración utilizaría como referencia para avaliar a exposición de curta duración a este axente químico:

- A) 1 ppm nun período de 15 minutos.
- B) 3 ppm nun período de 15 minutos.
- C) 3 ppm nun período de 30 minutos.
- D) 5 ppm en un período de 30 minutos.

105. Nun centro hospitalario, a Xerencia tomou a decisión de modificar o sistema de quendas de traballo na área de consultas externas, de maneira que os profesionais pasarán a prestar servizos en diferentes horarios e días cada mes. A Xerencia comunica a decisión ao equipo de traballadores afectados, a través do seu superior xerárquico. A decisión da xerencia non foi obxecto de consulta cos delegados de prevención.

- A) A organización do tempo de traballo é unha das condicións de traballo a que se refire a Lei de Prevención de Riscos Laborais e calquera decisión relativa á mesma debe ser obxecto de consulta nos termos establecidos no Capítulo V da Lei.
- B) A decisión debe ser motivada e deberán documentarse adecuadamente as razóns da súa implantación, pero non ten por que demorarse a mesma á espera da consulta cos delegados de prevención.
- C) A Xerencia está obrigada a informar os delegados de prevención, pero non a someter a decisión a consulta previa.
- D) A Xerencia non poderá implantar o cambio de horario se o mesmo non foi aprobado no seo do Comité de Seguridade e Saúde.

**106. Realizaranse simulacros de emerxencia para avaliar o plan de autoprotección dun Hospital ao que lle é de aplicación o RD 393/2007:**

- A) Polo menos unha vez cada 12 meses.
- B) Polo menos unha vez cada 18 meses.
- C) Polo menos unha vez cada 24 meses.
- D) Polo menos unha vez cada 36 meses.

**107. Tras a avaliación de riscos dun posto de traballo de anestesista ten que propoñer medidas preventivas para minimizar a exposición a axentes anestésicos inhalatorios, cal destas NON propoñería?**

- A) Revisar antes e despois de utilizar a estación de anestesia que as conexións están integras e que o sistema de evacuación funciona correctamente.
- B) Verificar que está conectado o sistema de extracción de gases residuais á saída dos mesmos e á toma sen carga.
- C) Evitar a vertedura de axentes anestésicos líquidos no enchido do vaporizador.
- D) Poñer en marcha a subministración de gases anestésicos inhalatorios mentres non estea conectado o paciente ao circuíto.

**108. Segundo o Documento Básico DB-SI, un local dun centro hospitalario, destinado a almacéns de produtos farmacéuticos e clínicos, cun volume construído de 380 m<sup>3</sup>, será un local con risco:**

- A) Alto.
- B) Moi Alto.
- C) Baixo.
- D) Medio.

**109. Solicítanlle asesoramento para confeccionar unha etiqueta dunha mestura de substancias perigosas realizada nun laboratorio. A mestura presenta dous riscos, ao primeiro asignaríase a palabra de advertencia "perigo" e ao segundo "atención". Que debería incluír na etiqueta?**

- A) Ambas as palabras de advertencia, "perigo" e "atención".
- B) Só a palabra de advertencia "perigo".
- C) Só a palabra de advertencia "atención".
- D) Ningunha das dúas palabras, esta información só debe figurar na ficha de datos de seguridade.

**110. Cal das seguintes afirmacións debería trasladar o técnico de prevención a un traballador respecto ao correcto uso de escaleiras de man?**

- A) O ascenso e descenso efectuarase de fronte á escaleira.
- B) Se a escaleira apóiase sobre o primeiro chanzo inferior colocarase un tensor na parede.
- C) Sempre se colocará formando un ángulo de 65 graos respecto á vertical.
- D) A escaleira de madeira pintada utilizarase sempre con elementos antiescorregadizos.